

Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Xosé Manuel Beiras Torrado e Antón Sánchez García**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, en relación aos efectos da Lei de Enxuízamento Criminal.

As modificacións que introduciu o Goberno do PP na Lei de Enxuízamento Criminal non acadaron nin axilización nin garantías; moi ao contrario, hoxe hai máis burocratización e menos garantías no procedemento penal. O único que aportaron estes retoques parciais, en moitos casos inconexos, foi unha involución claramente regresiva.

Por poñer un exemplo da chapuza, podemos falar dos efectos da reforma do artigo 324 da Lei de Enxuízamento Criminal, que estableceu que as dilixencias de instrución se practiquen durante un prazo máximo de 6 meses, 18 no caso de instrución complexa, e que por suposto foi unha medida que non se acompañou dun aumento nos medios á disposición dos xulgados. Esta obriga na redución dos prazos da instrución, acompañados dos recortes en xustiza perpetrados polo Goberno do PP, resultou en imposibilidade material para a terminación dos procedementos en prazo e un rexeitamento xeneralizado dos xuíces e xuízas decanas, todas as asociacións de xuíces e fiscais, os secretarios xudiciais, o Consello Xeral da Avogacía, e todos os sectores da Xustiza.

Este ano 2016, os fiscais tiveron que revisar antes do 6 de xuño miles de causas que estaban en fase de instrución. Son miles porque non hai un dato fiable. Os fiscais aseguraron que en decembro había preto de 600.000 asuntos penais pendentes de revisión en todo o Estado, mentres que fontes de Xustiza rebaixaban esa cifra a 346.000 casos, sendo máis de 35.000 as causas pendentes en Galicia, que o ministro negou recoñecer publicamente.

A realidade é que existe un grave problema coa xustiza en termos de independencia do Poder Xudicial, en autonomía, pero sobre todo de escaseza de recursos. A Lei de Enxuízamento Criminal contribuíu a agravar o colapso xudicial que está a poñer en situación de indefensión ao pobo, mentres o Goberno da Xunta resta inactivo ante a demanda de medios xudiciais, tan necesaria como unánime. Para afrontar esta situación é tempo de que a Xunta faga uso da capacidade legal recollida no artigo 29.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (así como no artigo 20 da lei 30/98), e reclame os medios materiais e humanos precisos para garantir o cumprimento das funcións e obrigas que ten encomendadas.

Ante todo o exposto, o grupo parlamentario da AGE formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cantos dos máis de 35.000 expedientes pendentes a 6 de decembro de 2015 non puideron ser revisados polos fiscais de Galicia a 6 de xuño de 2016?
- 2) A que tipoloxía resposta cada un dos expedientes e que porcentaxe representa cada tipo sobre o total dos que non puideron ser revisados polos fiscais de Galicia a 6 de xuño de 2016?

3) Cantas causas foron instruídas, entre o 6 de decembro de 2015 e o 6 de xuño de 2016, e cantas delas foron consideradas complexas?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 31/05/2016 13:05:50

Ramón Vázquez Díaz na data 31/05/2016 13:05:57

Eva Solla Fernández na data 31/05/2016 13:06:05

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 31/05/2016 13:06:12

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 31/05/2016 13:06:20

Anton Sánchez García na data 31/05/2016 13:06:24